

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A  
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS  
DERIVADOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS PROVINCIAS DE BALONMÁN "O NOSO CLUB"  
NO ANO 2026**

Luis López Diéguez, Presidente da Deputación de Pontevedra actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Bruno López Molina, presidente da Federación Galega de Balonmán, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos.

Dando fe do acto, Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,

## EXPOÑEN

**Primeiro.** Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Segundo.** Que de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

**Terceiro.** Que entre os obxectivos que inclúe a Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

**Cuarto.** Que a Lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 40, define as entidades deportivas e dispón que o obxecto primordial é o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario. Mentres que o artigo 29 sinala que, as



administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/o a ocupación activa do tempo de lecer.

**Quinto.** Que a Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra dispón no seu artigo 22.2 que as subvencións poderanse conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, no que se incluía unha subvención nominativa á Federación Galega de Balonmán (G36690832) por importe de 90.000,00 €.

**Sexto.** Debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e deben incluír, como mínimo, os extremos recollidos no artigo 15.6 da OXSDEPPO. Ademais, tamén debe recollese que a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial non será superior ao 20%.

**Sétimo.** Que a base 25.7 das bases de execución do orzamento para o ano 2026 establece que o pago das subvencións concedidas para o financiamento das escolas deportivas da Deputación, poderanse pagar o principio de cada un dos dous períodos anuais, anticipando ata o 100% do importe correspondente a cada un deles. O importe correspondente a cada período calcularase dividindo o importe total da subvención entre o número de meses dos dous períodos, e logo multiplicar por o número de meses de cada período. Non se poderá anticipar o pago dun período si está pendente de xustificar algún dos anteriores.

**Oitavo.** Emitido informe do servizo de Deportes como órgano instructor, no que se acredita que o expediente de petición de subvención que se achega a continuación, reúne os requisitos establecidos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e informado favorablemente pola intervención a fiscalización previa á concesión da subvención.



**Noveno.** Deste xeito, e a fin de cumprir as dúas entidades cos seus fins e obxectivos e así garantir o acceso en igualdade á practica deportiva da poboación da provincia de Pontevedra co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio,

## ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Balonmán, o financiamento dos gastos derivados das escolas deportivas provincias de balonmán "O NOSO CLUB" (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o 2026 en favor da Federación Galega de Balonmán, coa finalidade de financiar os gastos derivados das escolas deportivas provincias de balonmán "O NOSO CLUB" que se levaran a cabo dende o 1 de xaneiro ata o 31 de maio de 2026 e do 01 de outubro ata o 31 de decembro de 2026.

### Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente nos orzamentos de 2026 da Deputación de Pontevedra á Federación Galega de Balonmán e abonar o importe de 90.000,00 €, condicionado o cumprimento dos termos establecidos no presente convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos no mesmo.

### Terceira. Obrigas da entidade

A Federación Galega de Balonmán comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Realizar a actividade conforme a normativa vixente.
- Achegar a documentación informativa que se requira para a súa publicación na páxina web da Deputación de Pontevedra.
- Asumir todas as responsabilidades que se puideran derivar da realización e organización das actividades.
- Achegar a normativa cas medidas de seguridade e funcionamento que rexerá durante todo o desenrolo da actividade, asegurándose que todas as persoas participantes nas escolas deportivas da Deputación de Pontevedra a coñecen.
- Requirit, tal como sinala o artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia, aos monitores e demais persoas en contacto cos menores, certificado conforme non foron condenados por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- Tramitar e xestionar todos os permisos e autorizacións necesarias para a organización e realización das escolas deportivas.
- Contratar e subscribir os seguros necesarios para a realización das escolas deportivas provincias de balonmán "O NOSO CLUB" de conformidade coa normativa vixente, polo que coa súa contratación eximirá a Deputación de Pontevedra de toda responsabilidade fronte a terceiros e participantes.
- Cumprir todos os requisitos de seguridade esixidos na normativa vixente para a celebración das escolas deportivas provincias de balonmán "O NOSO CLUB", e acreditar o seu cumprimento coa correspondente certificación.
- Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.



- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir co disposto no art. 43 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, deberá levar os libros contables susceptibles de xustificar a exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e que reflectan a imaxe fiel da súa actividade económica.
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións (LXS).

#### **Cuarta. Crédito orzamentario, orzamento, contía e coeficiente de financiación**

A concesión da subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.02.

O importe da subvención ten unha contía de 90.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 100 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado pola entidade por importe de 90.000,00 € e con CSV: MGO94P65IKGV357R.

Orzamento	Subvención concedida	Coeficiente de financiación
-----------	----------------------	-----------------------------



---

90.0000,00 €

90.000,00 €

100 %

---

#### **Quinta. Compatibilidade e incompatibilidade**

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado. Conforme ao disposto no art. 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral Subvencións, e no art. 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia que indica que, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, en illamento ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes.

#### **Sexta. Notificación electrónica**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Sétima. Anticipo**

A entidade beneficiaria poderá solicitar pagos anticipados para levar a cabo a posta en marcha e a execución das escolas provinciais de balonmán “O NOSO CLUB”, ditos pagos serán da parte proporcional aos meses de execución da actividade (xaneiro a maio, e outubro a decembro) da subvención concedida, para poder realizar a solicitude do segundo anticipo o primeiro debe estar correctamente xustificado, nos termos establecidos na LXS e na ODXS da Deputación de Pontevedra.

Ó comprender dous períodos escolares nos que a actividade a desenvolver pode sufrir cambios na súa organización, a entidade beneficiaria, antes de comezar o segundo período poderá solicitar unha modificación do proxecto, solicitude que deberá estar suficientemente xustificada, especificando as circunstancias que motiven dita modificación e en ningún caso poderá variarse o destino ou finalidade da subvención concedida.



## Oitava. Procedemento de xustificación e pago

A entidade beneficiaria da subvención deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 28 de febreiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

### - **Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos**

Na xustificación de gastos, relacionarase no anexo II os conceptos de gastos presentados coa solicitude por un importe igual ou superior ó orzamento presentado coa solicitude.

- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento presentado coa solicitude, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de necesitar relacionar máis gastos utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (Anexo III)

Na xustificación de ingresos, relacionarase as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase, que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade/investimento subvencionado non superaron o importe total dos gastos para dita actividade. No caso de superávit, será motivo de reintegro, co límite da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra.

- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
- **Memoria descritiva**, segundo o modelo establecido, na que se detallen as actividades que se levaron a cabo.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar pagados ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.
- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.
- En caso de entidades que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.
- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requirirá que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio de expediente de perda ó dereito á cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.
- O pago da subvención efectuarase unha vez aprobada a xustificación. Dito pago realizarase mediante transferencia bancaria a conta indicada na solicitude.
- No caso de non solicitar o anticipo, poderase realizar un pago a conta a entidade beneficiaria unha vez realizada a xustificación parcial correspondente a parte proporcional do primeiro período da actividade (meses de xaneiro a maio) da subvención concedida, ou unha vez aprobada a xustificación total, mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade.



- Para cobrar a subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

#### **Novena. Entrada en vigor e vixencia do convenio**

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2026, data na que rematan as actividades. En calquera caso os efectos económicos do convenio estarán vixentes ata a aprobación do procedemento de xustificación da subvención e do control financeiro

#### **Décima. Extinción e efectos da resolución dos convenios**

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

#### **Décima primeira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención**

As subvencións concedidas deberán ser reintegradas cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación, ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Incumprimento da obrigación de presentación de xustificación nos termos establecidos.
- Demais causas establecidas na normativa de subvencións.

#### **Décima segunda. Control financeiro**

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31, apartados 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercitar, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso de non ter contabilidade fiable, só serán

subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables do anexo II presentado coa solicitude, así como, o resto de gastos que a entidade estime imputables á tempada (posibles gastos que non se reflecten no anexo II).

Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables coa totalidade de gastos e de ingresos, en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, que indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Décima terceira. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



#### **Décima cuarta. Rexistro de convenios e remisión ao Consello de Contas**

En aplicación da Resolución presidencial de aprobación da instrución para a tramitación dos convenios, no seu apartado 7 dispón que todos os convenios formalizados pola Deputación inscribíranse nun rexistro de convenios, dependente da Secretaría Xeral, accesible na plataforma de xestión de expedientes da Deputación.

Correspóndelle á Unidade Responsable de Transparencia darlle cumprimento aos requirimentos sobre publicidade activa de convenios de colaboración que establece o Regulamento de transparencia e acceso á información da Deputación de Pontevedra.

Correspóndelle á Intervención provincial, a partir dos datos do rexistro de convenios, a remisión electrónica dos mesmos ao Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2017008767, de 3 de maio de 2017, e no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Décima quinta. Réxime xurídico e lexislación aplicable**

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, será de aplicación o disposto no propio acordo, e na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ao disposto na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte e a Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do presente acordo, a través da Comisión de seguimento establecida na cláusula sétima. En caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver devanditas cuestións será a xurisdición contencioso-



administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio dixitalmente polas partes intervinentes.



Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV): BVEV6VA8399QGVIZ